

**CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O
FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL PARA O ANO 2022 (CÓDIGO PROCEDEMENTO MT975J)**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda lanza unha convocatoria de axudas a entidades locais de Galicia co obxecto de implementar medidas para avanzar na xestión dos residuos domésticos de competencia municipal, conforme aos obxectivos establecidos no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 e na liña do contexto normativo comunitario para acadar unha Europa Eficiente no uso dos recursos. Para acadar unha xestión eficiente dos recursos e dos residuos é imprescindible reforzar o principio de xerarquía nesta xestión de acordo co modelo de economía circular, que prioriza a prevención na xeración de residuos, seguido, nesta orde, da preparación para a reutilización, do reciclado, doutras formas de valorización (incluída a enerxética) e, por último, da eliminación (o depósito en vertedoiro, entre outras).

A tal fin, con estas axudas promóvese especialmente a implantación de proxectos por parte de entidades locais conformes ao esquema de prioridades do principio de xerarquía en materia de residuos, en particular, proxectos destinados a:

- a) Potenciar a prevención, recollida separada e valorización do residuos de aceite de cociña usado de orixe doméstico, do comercio e servizos.
- b) Potenciar a prevención, recollida separada e valorización e os residuos téxtiles de competencia municipal.
- c) Favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos.

Esta convocatoria é de carácter anual e prevé a posibilidade de que poidan acceder a estas axudas as entidades locais municipais e supramunicipais e as agrupacións de entidades locais de Galicia, de acordo ao establecido na Lei 13/2015, do 24 de decembro.

O procedemento que rexerá a concesión das subvencións será o de **concorrenza competitiva**.

As axudas obxecto desta orde estarán cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90% do custo total do proxecto. A porcentaxe restante, será asumida polo beneficiario/a.

BENEFICIARIOS

Entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia.

LIÑAS SUBVENCIONABLES

Liña 1. Aceites: Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo a valorización para a obtención de biocarburante.

Liña 2. Téxtiles: Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles dos residuos municipais para destinalos a preparación para a reutilización ou reciclado.

Liña 3. Puntos Limpos Móviles: Proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclado na nosa Comunidade Autónoma.

As entidades locais que así o desexen poderán concorrer a esta convocatoria ao abeiro das tres liñas subvencionables contempladas nestas bases reguladoras. Se concorren para actuacións que pertencen a máis dunha liña subvencionable (liña 1, liña 2 ou liña 3) deberán presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas no artigo 5 das bases reguladoras.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Liña 1. Aceites: Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo a valorización para a obtención de biocarburante.

- ✓ Adquisición de embudes adaptables para encher envases apropiados en fogares e centros de xeración.
- ✓ Adquisición de bidóns de boca ancha con tapa ou contedores adecuados para o depósito e almacenamento deste residuo na comunidade de veciños, edificio público ou privado, ou na vía pública.
- ✓ Actuacións de difusión, comunicación, sensibilización e seguimento do proxecto: As actuacións de difusión, comunicación e sensibilización á poboación atendida no proxecto, así como a vixilancia e o control, deberán incluír un plan de traballo e a descrición das actuacións previstas convenientemente detalladas. Serán subvencionables as campañas de difusión e de información asociadas ás actuacións proxectadas cun importe máximo de 2.000 €.

Liña 2. Téxtiles: Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles dos residuos municipais para destinalos a preparación para a reutilización ou reciclado.

- Adquisición de contedores para a vía pública e para os puntos limpos.
- Adquisición de sacas reutilizables para a recollida de residuos téxtiles.
- Actuacións de difusión, comunicación, sensibilización e seguimento do proxecto: As actuacións de difusión, comunicación e sensibilización á poboación atendida no proxecto, así como a vixilancia e o control, deberán incluír un plan de traballo e a descrición das actuacións previstas convenientemente detalladas. Serán subvencionables as campañas de difusión e de información asociadas ás actuacións proxectadas cun importe máximo de 2.000 €.

c) Liña 3. Puntos Limpos Móviles: Proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais

a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclado na nosa Comunidade Autónoma.

a) Adquisición de puntos limpos móbiles, con diferentes compartimentos para a recollida de residuos, podendo ser os seguintes modelos:

- Contedor/caixa metálica de gran volume.
- Remolque e contedor metálico de gran volume.
- Camión con caixa e chasis;
- Furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos;
- Outros modelos do mercado, sempre que se xustifique que cumpre os obxectivos deste servizo.

b) Adquisición de equipamentos ou elementos complementarios para a función que prestan os puntos limpos móbiles (ganchos, guindastres, etc.).

c) Adquisición de básculas para pesado dos residuos recollidos.

d) Adquisición de ferramentas informáticas (incluído software) para o seguimento da trazabilidade dos residuos recolleitos.

e) Adquisición de elementos de información no propio punto limpo móbil sobre as condicións de entrega adecuada dos residuos, tales como carteis, paneis ou sinalización. (máximo 1.000€)

f) Formación para o persoal do punto limpo móbil en materia de preparación para a reutilización con obxecto de seleccionar adecuadamente aqueles residuos susceptibles de ser preparados para a reutilización.

Non se admitirán proxectos que contemplan unicamente a adquisición de contedores ou materiais complementarios sen que o solicitante acredite que se dispón, ou disporá no momento da xustificación, **do servizo de recollida selectiva** específico habida conta da liña subvencionable na que se inxeriría a actuación obxecto da subvención solicitada.

Os custes de persoal (propio ou contratado) non se considerarán gasto subvencionable ao abeiro desta orde.

CONTÍA DAS AXUDAS

A subvención será do 90% dos custos totais subvencionables, cos importes máximos establecidos para cada liña subvencionable. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a.

O solicitante poderá asumir unha achega superior ao 10 % do custo subvencionable co obxecto de que se valore esta achega na fase de valoración dos proxectos.

Importes máximos por liña de subvención:

a) **Liña 1 Aceites:** Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado ata os 15.000€, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 1.000€ máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 20.000€.

b) **Liña 2 Téxtiles:** Proxectos de implantación ou mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles ata os 20.000€, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 5.000€ máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 40.000€.

c) **Liña 3 Puntos Limpos Móviles:** Adquisición de puntos limpos móbiles: ata os 70.000€, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 5.000€ máis por cada entidade participante, ata un máximo de 100.000€.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado MT975J, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>

As solicitudes poderanse presentar individualmente por un concello ou por máis dunha entidade local; neste último caso, ben sexa por medio de entidades de carácter

supramunicipal legalmente constituídas, ou ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais na cal unha delas deberase designar para actuar como representante.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 15 de decembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022, ambos incluídos.

PRAZO DE EXECUCIÓN E DE XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2022, ambos incluídos, se ben non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de novembro de 2022.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200513/AnuncioG0532-050520-0001_gl.pdf <https://sirga.xunta.gal/convocatoria-2020-21>

Enderezo para requirir máis información: axudas.cmaot@xunta.gal